

ESCOLA DA VIDA

Educación, sexualidade e pílulas

16.05.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Hai unha semana estiven en Portugal para impartir unha conferencia nun foro internacional. Ata aí nada de particular. Debido á proxección do evento, este foi cuberto polos medios de comunicación. E eu fun un dos chamados a facer algunhas declaracións. O senlleiro de todo isto é como saíron nalgúns medios esas declaracións ao día seguinte. Todos eles incidiron no que dixen sobre que o Estado interviña excesivamente na educación dos fillos, algo que non podo negar que eu dixese e no que estou de acordo, como máis adiante explicarei. O rechamante foi que un deles colocou as miñas afirmacións trala noticia de que a ministra portuguesa de Educación está preparando un programa que fará que se dispensen preservativos nas escolas. Deste modo, parecía que a miña versión como pedagogo contradecía o que a autoridade política quería facer.

Esta mesma semana, as ministras de Sanidade e de Igualdade, anunciaron que se vai dispensar a pílula do día despois a todas as mozas que a pidan, sen necesidade da autorización previa dos pais nin de receita médica.

Ambas as medidas me parecen crasos erros políticos e unhas claras intromisións do Estado en ámbitos que non lle competen. Explícome. Dispensar preservativos nun ámbito como o escolar é unha decisión pouco acertada. Non xa porque parece que sexa un sitio onde vaian ser necesarios, senón tamén por que outros útiles que si van ser usados non se venden, como poden ser libros ou material escolar, posto que sería considerado polas librerías como unha competencia desleal.

No caso das pílulas, parece unha aberración que algo que se considera un medicamento sexa expedido sen comprobación médica previa, e menos aínda que unha menor de idade que está baixo a responsabilidade de seus pais non llelo diga a eles. Por temor, din. Pero é que por temor, tampouco deciden, nun primeiro momento, dicirlles as malas notas ou outras moitas cousas. Pero é que os pais teñen o dereito a saber que lles pasa a seus fillos pois son responsables subsidiarios dos seus actos, e polo tanto deben ser informados por eles ou por quen teña coñecemento do que lles ocorre.

Para máis inri, os médicos podían obxectar a dispensación da pílula, pero agora os pais vólvense obxectores sen coñecemento grazas á intervención do Estado. Creo que queda claro que ambos os estados están tomando decisións que non lles competen e que van en contra das súas propias leis.

Os mozos teñen dereito a gozar da súa sexualidade con coñecemento dos riscos, para iso está a educación tanto escolar como familiar, pero o que non pode facer o Estado é suplantar a familia ou poñer a escola como libre distribuidora de profilácticos.